



Desexos de paz para Siria

CONTODOISTO



2-3. Reportaxe

Alumnos dos colexios de Tenorio e do Manuel Vidal Portela, entre outros, recolleron material escolar e fixeron debuxos para os nenos sirios do campo de refuxiados de Azraq.



4-5. Álbum

As vacacións da Semana Santa deixaron unha morea de imaxes fermosas que mesturan a devoción coa diversión. Bótalle un ollo a ver se estás nalgunha.



6-7. Pasatempos

Non deixes que o teu cerebro se aburra e busca as cinco diferenzas e as palabras agochadas na sopa de letras. E non esquezas aprender unha nova xogada de xadrez!



7. Axenda

Visitas ao Museo, un conto musical, un espectáculo de narración oral, estreas de cine... A diversión continúa para os rapaces de Pontevedra.



8. Tesouros para gardar

Mira que ben posan os alumnos de 6ºA do CEIP A Xunqueira II e descubre as habilidades artísticas dos rapaces de Pontevedra e a súa comarca.